

O ATENEO SANTA CECILIA CONVOCA O LXVII (67) CONCURSO DE MAIOS E EMBARCACIÓNS 2020

Desde o ano 1953 a Asociación Cultural, hoxe Ateneo Santa Cecilia de maneira continuada ven organizando o Concurso de Maios e Embarcacións o día 1º de maio.

Nesta ocasión, e debido as actuais circunstancias de confinamento e Alerta Sanitaria, non é posible celebrar o concurso tradicional nas rúas e prazas onde grupos de rapaces e rapazas acoden cos Maios e Embarcacións, interpretando as súas coplas, para que un xurado as valore e puntúe.

Aínda así mantemos en pe a convocatoria para o día 1º de maio de 2020 coas seguintes:

Bases para a participación:

1ª - Poden participar tódalas rapazas ou rapaces que o desexen, ben de xeito individual, con irmáns ou familiares que convivan na mesma casa ate os 12 anos de idade (inclusive)

2ª - A participación pode ser: realizando debuxos ou pinturas dos Maios tradicionais de Marín, coa forma cónica, coa coroa e toda a súa ornamentación, ou ben o debuxo dunha Embarcación

3ª - Terán que compoñer unha copla orixinal en galego, do tipo tradicional e que non exceda de seis estrofas. (as estrofas dos Maios e embarcacións son distintas)

4ª - Establécense dúas categorías por idade para a participación en debuxos de Maios e Embarcacións, con tres premios en metálico e diploma en cada categoría.

Categoría: A ate os 8 anos

Categoría: B de 9 a 12 anos

5ª - Establécense tres premios e diploma para os gañadores das coplas dos Maios e tres premios e diploma para os gañadores das coplas das embarcacións

6ª - Todos e todas as participantes recibirán un diploma de participación, polo que deben enviar tamén por correo, o nome ou nomes completos e idade; así

como unha autorización asinada por un dos proxenitores, permitindo a difusión e exposición por parte do Ateneo dos debuxos e coplas gañadores

7ª - Todos os traballos serán valorados por un xurado composto por membros da directiva do Ateneo Santa Cecilia e do Concello de Marín

8ª - Tanto os debuxos como as coplas enviaranse ao correo do Ateneo Santa Cecilia ateneosmarin@hotmail.com antes das 24 horas do día 30 de abril de 2020.

9ª - O xurado non valorará aqueles traballos que non cumpran as bases de este Concurso.

10ª- Os resultados faranse públicos e comunicaranse aos gañadores en canto o xurado emita o seu veredicto.

11ª -A entrega de premios e diplomas realizaranse nun acto publico, no local do Ateneo Santa Cecilia, cando esta situación de Alerta remate, as autoridades o permitan e previa comunicación a todos/as participantes.

Marín 10 de abril de 2020